

VERTIXE SONORA

20.9 - 5.11

VI FESTIVAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA
2018



vertixesonora.net

ÍNDICE

pax. 1	6º Festival Vertixe Sonora
pax. 4	ESPELLOS, CINTAS, BERROS, ALMOFADAS E CHOIVA
pax. 6	RITUAL
pax. 7	UN ATRACTIVO RARO
pax. 8	O PARADOXO DA VISIBILIDADE
pax. 10	LIÑAS PARA LINDA
pax. 13	A EXPOSICIÓN NEGRA
pax. 14	VEREDAS
pax. 15	MIGRACIÓNS
pax. 16	LIBRO DE ESCOITAS
pax. 18	En paralelo

6º Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea 20/09-05/11, 2018

Serán nove as citas coa vangarda sonora internacional que neste outono nos emprazan en Vigo, Pontevedra, e Cangas do Morrazo a abrir os ouvidos, as mentes e a imaxinación. Un festival que continúa un ano máis, o sexto, a favorecer a creación dun patrimonio musical que compartir con entusiasmo. Espazo para a creatividade sonora emerxente que transfere coñecemento e innovación, promove identidade e prestixio cultural e establece conexións coa creación musical experimental máis destacada dentro e fóra de Galicia.

O apaixonante experimento de Vincent Trollet e Vahram Zaryan Un atractivo raro para acróbatas, músicos electrónica e visuais aúna ás compañías do Ensemble Regards e a compañía de Vahram Zaryan nun espectáculo único no que conflué a poesía a música e a danza e que se presentará por primeira vez en España trala súa recente estrea en París. Completan a súa estada en Galicia co espectáculo adicionais: Aqua ideada por Hiromi Watanabe e a artista circense Pauline Nadoulek, e Ritual con músicas de Daniel Alvarado Bonilla, Giulia Lorusso e Vincent Trollet interpretadas por Jean-Étienne Sotty nun acordeón microtonal.

Dende Oldeburg, Alemaña, Oh ton conxuga as estreas mundiais de Malte Giesen, presente no festival, e Leopold Hurt en O paradoxo da visibilidade con músicas, ademais, de Christian Wolff, Helmut Oehring e Eckart Beinke.

Convidados españois serán o reconfigurado Espai Sonor (Mallorca), que reflexiona en Migracións coa música de Helga Arias e obras de José M. López López, Francisco J. Domínguez Carballos, Sciarrino e Kokoras. E dende Madrid Neopercusión (Madrid) coa saxofonista Xelo Giner, traerá Espellos, cintas, berros, almofadas e choiva, no marco do programa ELEUSIS de visibilización da muller compositora, as recentes creacións de Elena Rykova, Edith Alonso, Irene Galindo ou Raquel García Tomás.

E non pararemos aquí. Tres magníficos solistas presentarán sendos monográficos. A fantástica violinista Linda Jankowska residente en Manchester e cofundadora do Distracfold Ensemble convócanos coa música de Pablo Vergara, Yoshiaki Onishi e Pierluigi Billone. Thomas Piel, cellista de Vertixe Sonora presentará Libro de Escoitas I, unha coprodución con Sankt Peter Köln ideada co pontevedrés Xacobe Gaspar Grandal que inclúe música de Luís Antunes e Nicolaus A. Huber. E finalmente o traballo a catro mans de Ricard Capellino e Alberto Posadas toma forma en Veredas unha investigación para os seis membros da familia dos saxofóns na que estiveron enfrascados os derradeiros seis anos co alento da poesía de José Ángel Valente.

E por fin, o ensemble residente, O Vertixe Sonora presenta *A exposición negra* en Cangas, na Sala de Exposicións do Auditorio, que inclúe, tamén en exclusiva, as novas estreas mundiais de Simone Santi Gubini (Italia) Panayotis Kokoras (Grecia) e Paul Clift (Australia).

Nesta sexta edición, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora 2018 renova a súa fidelidade á unha marcada identidade: produción local, diálogo internacional e acusada dimensión educativa. Precisamente á colaboración do Estudo Galego de Sonoloxía e ao Grupo De Investigación DX7 da Universidade de Vigo debemos as actividades formativas: obradoiros para primaria e secundaria, ciclos de conferencias, cursos... na procura dunha estreita amizade entre a cidadanía e os colectivos máis implicados na creación experimental.

Investigación, actualidade, significación, rigor, cualificación, excelencia, innovación e posicionamento na vangarda internacional. Confluencia das artes, dos espazos e dos públicos... Obxectivos todos eles que a Universidade de Vigo a través do Campus Crea s2i e os Concellos de Vigo, Pontevedra e Cangas do Morrazo queren impulsar con esta iniciativa. Un festival que conquistou as axendas dun público esixente que o recoñece coma símbolo da excelencia cultural en Galicia. Unha ollada á creación contemporánea que recolle o impulso e a curiosidade da cidadanía para tecer alianzas que espertan novas expectativas, ilusións e representan a unha sociedade avanzada. Unha oportunidade, un ano máis, para celebrar, coñecer e escoitar a diversidade.

Programa de concertos:

Xoves 20 de setembro 20:30 h. | Sala de Exposicións do Pazo da Cultura, Pontevedra
ESPELLOS, CINTAS, BERROS, ALMOFADAS E CHOIVA Neopercusión
Programa ELEUSIS co apoio Unidade de Igualdade da UVigo

Xoves 4 de outubro 20:00 h. | Casa das Campás, Pontevedra
RITUAL Jean-Étienne Sotty

Sábado 6 de outubro 20:00 h. | Pontevedra
UN ATRACTIVO RARO Regards e Cie Vahram Zaryan
Inclúe: AQUA Hiromi Watanabe e Pauline Nadoulek

Luns 8 de outubro 20:00 | Auditorio Martín Códax, CSM Vigo
O PARADOXO DA VISIBILIDADE Oh ton

Martes 9 de outubro 18:30 h. | Basílica de Santa María a Maior, Pontevedra
LIÑAS PARA LINDA Linda Jankowska

Luns 15 de outubro 20:00 h. | Sala de Exposicións do Auditorio, Cangas do Morrazo
A EXPOSICIÓN NEGRA Vertixe Sonora

Sábado 27 de outubro 20:00 h | Igrexa de San Bartolomeu, Pontevedra
VEREDAS Ricard Capellino

Sábado 3 de novembro 18:30 h | Auditorio Marín Códax, CSM Vigo
MIGRACIÓNS, Espai Sonor

Luns 5 de novembro 20:30 h. | Igrexa de San Francisco, Pontevedra
LIBRO DE ESCOITAS | Thomas Piel

Xoves 20 setembro 20:30 h. | Sala de Exposicións Pazo da Cultura, Pontevedra ESPELLOS, CINTAS, BERROS, ALMOFADAS E CHOIVA. Neopercusion



De esquerda á dereita: Raquel García Tomás, Elena Rykoba e Edith Alonso

Co patrocinio da Unidade de Igualdade da UVigo e no marco do programa Eleusis de visibilización de mulleres compositoras presentamos cinco pezas escritas por cinco compositoras novas que, de xeito máis ou menos explícito, homenaxean a estética da música concreta.

A obra **Cinq études de bruit** (*cinco estudos de ruído*) foi creada polo compositor francés Pierre Schaeffer nos estudos da RTF (Radiodifusión–Televisión Francesa) en 1948. Obra fundacional deste movemento, utiliza unicamente material pregravado, *objets trouvés*, de diversa procedencia: locomotoras de vapor, unha orquestra afinando, sons dun piano, instrumentos de percusión, xoguetes, a voz, cacerolas, etc. A partir da montaxe “cinematográfica” destes obxectos sonoros Schaeffer elaborou cinco pezas curtas que denominou estudos, introducindo unha nova forma de creación musical. Dende entón, calquera son escoitado, capturado e illado, convértese en material utilizable con fins musicais.

Así proceden as compositoras presentes neste programa. Lendo simplemente as descricións que complementan os títulos das pezas podemos facernos unha idea de como ese pensamento inicial ten evolucionado na actualidade. O material musical será desenvolvido neste concerto con mesas de ping, pong, estróbilos, reprodutores de casete, lanternas máxicas, proxeccións, electrónica... e toda unha morea de obxectos singulares.

O grupo Neopercusión foi creado en 1994 e a súa formación abrangue todos os campos: clásico, étnicos e contemporáneos. A actividade desenvolvida é moi ampla e abrangue a pedagogía, a interpretación, a investigación e a difusión de todo o relacionado con instrumentos de percusión.

Programa:

ELENA RYKOVA (1991) *The mirror of Galadriel* (2012)

Xogo de reflexos para dous percusionistas, mesa de ping pong, estróbilos e proxección.

EDITH ALONSO (1974) *Tape mode** (2018)

Para dous percusionistas e 7 reproductoras de cassetes.

IRENE GALINDO (1985) *Do tamaño dun berro*** (2016)

Para trío de percusión, cinta e vídeo

RAQUEL GARCÍA TOMÁS (1984) *Pictures of the floating world*** (2017)

Para dous percusionistas, electrónica e vídeo

- *Poema da almofada (Utakamura)*

- *Garceta baixo a choiva (Uchu non sagi)*

CECILIA ARDITTO (1966) *Musique concrète* (2015)
7 pezas para percusión, cinta e lanternas máxicas

- *A table tournant* (O tocadiscos)
- *A machine à coudre* (a máquina de coser)
- *Le ventilateur* (O ventilador)
- *A radio* (O radio)
- *Electricité* (A electricidade)
- *Vinyle* (O vinilo)
- *Machina à écrire* (A máquina de escribir)

* Encomenda de NEOPERCUSIÓN

** Encomenda de NEOPERCUSIÓN co apoio do INAEM

NEOPERCUSIÓN Juanjo Guillem, *percusión e dirección* | Rafa Gálvez, *percusión* | Gje, *percusión* | Iván Ferrer, *medios audiovisuais*

Xoves 4 de outubro 20:30 h. | Casa das Campás, Pontevedra
RITUAL Jean-Étienne Sotty

A presenza do Ensemble Regards e a Compañía Vahram Zaryan, por primeira vez en España, deixaranos tres espectáculos que aúnan música, poesía, danza, mimo e circo contemporáneo.

No primeiro deles, achégannos as posibilidades expresivas do acordeón microtonal misturado coa electrónica en vivo a través das obras de Daniel Alvarado Bonilla, Giulia Lorusso e Vincent Trollet.

programa

DANIEL ALVARADO BONILLA *Ritual III* para acordeón microtonal

GIULIA LORUSSO *Con Moto* para acordeón microtonal e dispositivo electrónico en tempo real

VINCENT TROLLET *Oblique* – suite para acordeón microtonal e dispositivo electrónico en tempo real

ENSEMBLE REGARDS [intérpretes neste concerto] Jean-Etienne Sotty acordeón | Victor Huguenin, realizador de informática musical

Co apoio de:



Sábado 6 de outubro 20:00 h. | (Espazo pendente confirmación) Pontevedra
UN ATRACTIVO RARO Regards e Cie Vahram Zaryan
Inclúe: AQUA Hiromi Watanabe

O segundo espectáculo do Ensemble Regards e a Compañía Vahram Zaryan *Oblicuo*, ciclo 1: *Raro atractivo*, ambas compañías uniron esforzos para realizar unha proposta única, que abraza á música contemporánea, á mímica e á literatura. Unha investigación conxunta centrada no concepto de *oblicuo*. Inspirado libremente por poemas de Frédéric Parcheminier, o espectáculo é realizado por un cuarteto moi singular: dous músicos e dous artistas. Nesta proposta o acordeonista actúa a modo de dobre do mimo e do acróbata, intimamente hibridado coa electrónica en vivo creada a partires de cantos de Armenia, Galicia e Polonia.

OBLIQUE' Cycle 1 está apoiado por La DRAC Ile-de-France, La Ville de Paris, Spedidam, Sacem, Institut Martin Luther. Coa axuda d'Arcadi Île-de-France, no marco dos Plateaux solidaires.

Programa

OBLÍCUO, Ciclo 1: UN ATRACTIVO RARO

ENSEMBLE REGARDS e CIE VAHRAM ZARYAN [intérpretes neste concerto] Pauline Nadoulek, Vahram Zaryan *performer*, *mímica contemporánea* | Jean-Etienne Sotty *acordeonista* | Victor Huguenin *electrónica*

Música: Vincent Trollet

Deseño e dirección: Vahram Zaryan

Programación musical: Hiromi Watanabe

Vídeo: Auguste Diaz e Vahram Zaryan

Luz: Cédric Hennere

Dramaturxia: Laurent Muhleisen

Colaboracións artísticas: Karen Hakobian

Producción e administración: Florent BRACON e Jana JASENKOVA

Producción: Vahram Zaryan Company e Ensemble Regards

Difusión: Est'Nova

Coproducción: Atelier du Plateau en París (Scène Nationale de Quartier)

Socio: Ensemble Regards

Luns 8 de outubro 20:30 | Auditorio Martín Códax, CSM Vigo
O PARADOXO DA VISIBILIDADE Oh Ton



Dende Oldeburg, Alemaña visitanos, na súa primeira vez en España, Oh ton, con novas estreos mundiais de Malte Giesen, presente no festival, e Leopold Hurt en *O paradoxo da visibilidade*. Completan a proposta músicas de Christian Wolff, Helmut Oehring e Eckart Beinke.

Programa

MALTE GIESEN (*1988) *Paradoxo da visibilidade II* (2016)

para clarinete baixo, saxofón alto, preusión, guitarra eléctrica, teclado e electrónica. Encomenda da cidade de Oldenburg

CHRISTIAN WOLFF (1934) *Trio II* (1961)

para piano a 4 mans e percusión

HELMUT OEHRING (*1961) *Cayabyab* (1993/05)

para corno di bassetto, guitarra e vibráfono

ECKART BEINKE (*1956) *Colpod'ala VI* (2008/16)

para saxofón guitarra eléctrica, percusión e contrabaixo e cinta de dous canais

MICHAEL MAIERHOF (1956) *Shopping4* (2005/06)

para 3 intérpretes con globos de aire preparados

LEOPOLD HURT (*1979) *Skedaddle* (2016)

para saxofón, guitarra eléctrica, contrabaixo, percusión piano e cinta magnética. Encomenda de Oh ton-ensemble

MALTE GIESEN (*1988) *Paradoxo da visibilidade II* (2016)

para clarinete baixo, saxofón alto, preusión, guitarra eléctrica, teclado e electrónica

OH TON [intérpretes neste concerto] Andrea Nagy, clarinete | Xavier Casal, saxofón | Steffen Ahrens, guitarra | Michael Pattmann, percusión | Roman Rofalski e Patricia Martins, piano | John Eckhardt, contrabaixo

CO APOIO DE:



Martes 9 de outubro 20:30 h. | Basílica de Santa María a Maior, Pontevedra
LIÑAS PARA LINDA Linda Jankowska



A violinista polaca Linda Jankowska residente en Manchester e cofundadora do Distracfold ensemble presenta neste programa tres obras para violín só de Pablo Vergara, Yoshiaki Onishi e Pierluigi Billone. En *Liñas para linda* que dá título ao programa, Pablo Vergara pon o énfase nos cambios experimentados pola materialidade sonora da liña mentres se desliza, coma se se tratase dun obxecto físico que reflectise a luz de diferentes xeitos, producindo un efecto iridiscente no seu paso. Onishi pola contra propón unha homenaxe á Partita No. 2 de Johann Sebastian Bach. E Billone propón un estudo do batimento, ese temblor, que xurde da atracción (quizais do magnetismo) de dúas alturas moi pretas que cáseque tenden a fundirse.

Programa:

PABLO VERGARA *Liñas para Linda*, para violín solista, 2017

YOSHIAKI ONISHI *Partie...*, para violín solista, 2012-2014

(pausa curta)

PIERLUIGI BILLONE *Equilibrio.Círculo*, para violín solista, 2014

As obras

PABLO VERGARA *Liñas para Linda*

Liñas para Linda é froito dunha colaboración con Linda Jankowska entre 2015 e 2017. O proceso foi marcado pola investigación, probas e discusión de ideas, xestos de son e materiais, tendo varias tentativas falladas para construír unha linguaxe deles. Logo veu unha etapa de maior escoita interna e externa, na que se decantaron xestos e cursos no propio traballo. A peza flúe a través de liñas móbiles de curvatura lenta, sinuosa e fráxil, expresiva. Ponse o énfase nos cambios experimentados pola materialidade sonora da liña mentres se desliza, coma se tratácese dun obxecto físico que reflectise a luz de diferentes xeitos, producindo un efecto iridiscente no seu paso. Así, esta liña física imaxinaria ou concreta (a cadea) produce varios sons simultáneos (lucos) en relación directa coa presión aplicada pola man esquerda, moitas veces intermedia (entre o normal e frotar). A tendencia ao descenso no comportamento das liñas, a unha caída lenta, alude ao pasaxeiro, á distancia, á perda.

A peza está dedicada a Linda con gratitude e admiración.

Pablo Vergara

YOSHIAKI ONISHI Parte...

Parte... forma parte dun ciclo de instrumentos de corda, derivado da necesidade de desenvolver o mundo sonoro da miña obra *Culs-de-sac* (2009) para cuarteto de corda.

O aspecto colaborativo desempeña un papel importante no proceso de composición: o presente traballo foi elaborado con Ari Streisfeld (segundo violín do Cuarteto JACK), tras varios encontros nos que, ademais de gravar, discutimos sobor de diferentes obras para violín (de Bach ata os nosos días).

Escribir este traballo significaba dalgunha maneira confrontar o mundo fértil desta literatura para violín, o que me levou moito tempo dada a persistencia da cuestión "*despois de todas estas pezas, que podo dicir*". É a miña forma de dar homenaxe á Partita No. 2 Johann Sebastian Bach é para min unha das historias de éxito da escrita polifónica para instrumento principalmente monódico a través do cal a súa profunda interioridade está acendida. Tomando a Bach como inspiración (e por suposto tamén Berio, cuxas secuencias tratan o fenómeno da polifonía aplicada aos instrumentos monódicos), tamén coloquei os meus materiais musicais en terreo polifónico. Así, hai na miña peza pasaxes contrapuntísticas de varios tipos, incluídas algunhas formadas por xestos e lugares nos que os timbres foron tratados conscientemente de forma polifónica.

Yoshiaki Onishi

PIERLUIGI BILLONE

Trátase dun violín cunha encordado completamente diferente ao habitual: tres cordas IV e unha corda III. A afinación tamén é particular e inclúe un ámbito estreito: Mi, Fa, Sol, Re. A manipulación da man esquerda nas cordas é inusual: cada dedo actúa case sempre en dúas cordas ao mesmo tempo, polo que o son máis básico xa é unha dobre corda e contén batimentos. A técnica do arco é a do violín e viola modernos, coa súa riqueza de posibilidades. A velocidade típica da articulación e o virtuosismo exacerbado e superficial do violín (antigo e moderno) están excluídos. Todo está predisposto a dar a luz a unha "voz musical" do violín que pode ser diferente, xerando diferentes posibilidades de construción: vibración continua, uso dun glissando lento e unha oscilación constante, articulacións da man esquerda sobre os mesmos polos, o ataque duro *sforzato* lembran seguramente o son dalgunhas obras de Giacinto Scelsi e Xenakis, así como de outras músicas non europeas. A construción do traballo e o xogo das relacións son, pola contra, completamente diferentes.

Hai dúas forzas sonoras elementais e complementarias: o son sostido e oscilante, e un pizzicato explosivo e instantáneo das catro cordas.

A evolución individual de cada forza e o cambio na forma de relacionar estes, dan lugar a diferentes momentos da obra. A son sostido e inestable –forza inestable e sen puntos de equilibrio– adquirirá dimensión, un perfil pechado e o equilibrio dun verso de recitación. O pizzicato violento e instantáneo, cuxa aparencia é inicialmente imprevisible e disruptiva –forza concentrada, monoforme e pechada– adquirirán a flexibilidade e a inestabilidade necesarias para ser moduladas. Volverase parte dunha fórmula rítmica elemental, que marca a recorrencia do son inestable novamente ao longo da segunda parte da obra. É un círculo (a peza remata nun momento do comezo), onde o equilibrio das forzas cambia constantemente, dentro dun límite definido.

Pierluigi Billone

A intérprete

LINDA JANKOWSKA

Intérprete, educadora, investigadora e produtora de concertos comprometida coas diversas facetas da música contemporánea. Violinista de adestramento clásico, a súa práctica estendeuse ao longo dos anos: hoxe en día tamén toca dispositivos electrónicos, obxectos sonoros e percusión. “Os meus intereses na vangarda e logo, nun espectro musical máis amplo, leváronme a co-fundar o ensemble de música experimental - Distractfold, que foi o meu principal ámbito de desenvolvemento artístico nos últimos 7 anos. Cheguei a vivir no Reino Unido hai 8 anos, despois de vivir por un tempo en Múnic, pero a miña infancia e anos formativos tiveron lugar en Polonia”.

www.lindajankowska.com

www.distractfold.org.uk

Luns 15 de outubro 20:00 h. | Sala de Exposicións do Auditorio, Cangas do Morrazo A EXPOSICIÓN NEGRA Vertixe Sonora



Simone Santi Gubini procúranos unha experiencia inmersiva total coa súa música para orquestra amplificada de nove instrumentos. Todo o espazo do auditorio parece reconvertido no interior do instrumento musical. O público está inmerso no son do instrumento, na súa profundidade.

Continuación da obra de teatro musical para violoncello amplificado “E” (2016) en *A exposición negra* os instrumentos conforman, a través das escalas acústicas, un corpo musical vasto e de alta resistencia. O son é ambivalente, áspero, polvoriento, furiosamente profundo e sólido, como unha materia prima sucia e graxenta. No contraste máximo de rexistros, o instrumento produce tons inestables e sons de “sobrexposición” para crear un novo tipo de movemento de paso.

“En *Sound Box* (caixa de son) explórase a forma en que se produce o son instrumental e a forma en que o instrumento reacciona á acción do músico durante a interpretación. Trátase dun xogo no que a forma se desenvolve facendo sons e non reproducíndoos”. A este divertimento convidanos o compositor grego Panayotis Kokoras na súa nova obra escrita especialmente para Vertixe Sonora co patrocinio de North Texas University.

A proposta a completa *Inhabiting the vanishing* de Paul Clift, a segunda colaboración do compositor australiano con Vertixe Sonora despois do éxito do seu cuarteto *The sea is not rising* (2017)

Programa:

PAUL CLIFT *Inhabiting the vanishing para 7 instrumentistas**

PANAYOTIS KOKORAS *Sound Box para fruta, saxofón tenor, percusión piano, violín, violoncello contraabaixo e electrónica. Duración 10’**

SIMONE SANTI GUBINI *A exposición negra para ensemble amplificado de nove instrumentos**

***estrea mundial, encomenda de Vertixe Sonora**

VERTIXE SONORA [intérpretes neste concerto] Clara Saleiro fruta | Pablo Coello saxofón | Rubén Barros guitarra eléctrica | Roberto Alonso violín | Thomas Piel cello | Carlos Mendes contraabaixo | Diego Ventoso percusión | David Durán teclado e interfaces

Sábado 27 de outubro 20:00 h | Igrexa de San Bartolomeu, Pontevedra VEREDAS Ricard Capellino

Veredas combina poesía, espazo e música ofrecendo unha experiencia diferente de percepción; na que cada auditor pode crear o seu propio proceso de escoita, camiñando, explorando, contemplando e descubriendo.

Composto de seis pezas que dialogan con poemas de diferentes libros de José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, 2000); están escritas, cada unha delas, para cada un dos sete membros da familia do saxofón, desde o sopranino ata o baixo.

O espazo xoga un rol fundamental neste proxecto. Cada unha das obras será interpretada en diferentes lugares de emprazamento. Os oíntes poden escoller unha escoita distante ou estar moi preto da fonte sonora: movéndose desde unha peza á seguinte a través do espazo, nunha especie de peregrinación perseguindo un son inalcanzable.

ALBERTO POSADAS *Veredas* (2014-2018) para seis saxofóns

1. Ruinas (2014), para saxo tenor
2. Fragmentos fracturados I (2014), para saxo alto
3. Serán ceniza (2015), para saxo soprano
4. Objetos de la noche (2015), para saxo barítono e spring-drum
5. Arietta (2016), para saxo sopranino e sordina straight
6. Límite (2017/2018), para saxo baixo preparado

Ricard Capellino, *saxofóns*

Textos

RUINAS para saxofón tenor

...

Y nosotros inmóviles mientras iba dejando la ceniza
en las manos desnudas
su temblorosa luz
Ruinas (Treinta y siete fragmentos - XXIV), 1971.

SERÁN CENIZA para saxofón soprano

Cruzo un desierto y su secreta
desolación sin nombre.
Serán ceniza (A modo de esperanza), 1953-1954

FRAGMENTOS FRACTURADOS para saxofón alto

Fragmentos fracturados de luz negra,
jamás en la extensión,
sino en el reino de lo discontinuo
Fragmentos fracturados (Breve son), 1953-1968

OBJETOS DE LA NOCHE para saxofón barítono

Objetos de la noche.
Sombras.
Palabras
con el lomo animal mojado por la dura
transpiración del sueño
o de la muerte
Objetos de la noche (Material memoria), 1977-78

ARIETTA para saxofón sopranino

El silencio se quiebra
En trino por tres veces
y la materia de la música
ya no es sonido sino transparencia.
Arietta, opus III (Interior con figuras), 1973-76

LÍMITE para saxofón baixo

Qué oscuro el borde de la luz
donde ya nadare
aparece.
Límite (El inocente), 1967-70

Sábado 3 de novembro 18:30 h | Auditorio Martín Códax, CSM Vigo
MIGRACIONES Espai Sonor



A migración é un movemento externo propio de animais, insectos ou humanos. Este desprazamento físico provoca á súa vez un movemento interno, máis sutil, reverberación do externo. A música convidanos sempre a este movemento íntimo: A trazar un percorrido ás veces inconsciente a través de tradicións culturais, estados de ánimo, emocións, estados de conciencia, etc. Espai Sonor viviu un longo tránsito de cambios na súa estrutura e o seu lugar de residencia e considera que o título que mellor pode describir o seu momento musical actual é precisamente Migracións. Baixo este título proponnos un repertorio con obras para diversas formacións que combinan frautas, clarinetes, chelo e piano, entre as cales se inclúe a estrea da nova obra de Helga Arias (Euskadi, 1984). Dous cuartetos franquean este repertorio, de M. Van der Aa e Panayotis Kokoras, ambos creando estimulantes novos espazos sonoros. A variación tímbrica é en sí mesma unha das motivacións destas migracións. De aí o cambio constante de formacións en escena, que persegue un cambio de perspectiva sonora .

Programa:

MICHEL VAN DER AA (1970) *Quadrivial* (1997)

para frauta, clarinete, violonchelo e piano . Duración 10'

JOSÉ M. LÓPEZ LÓPEZ (1956) *Despois dos trémolos* (1986)

para frauta e clarinete . Duración 6'

FRANCISCO J. DOMÍNGUEZ CARBALLOS (1993) *Kharir III* (2018)

para violoncelo. Duración 12'

HELGA ARIAS PARRA (1984) *Nova obra (2018)**

para frauta, clarinete e piano. Duración 10'

SALVATORE SCIARRINO (1948) *Melencolía* (2010)

para violoncelo e piano. Duración 13'

PANAYOTIS KOKORAS (1974) *Friction* (2001)

para frauta, clarinete, violonchelo e piano. Duración 10'

*Estrea mundial, encomenda de Espai Sonor

ESPAI SONOR [intérpretes neste concerto] José Ignacio Lagos, *frautas* | Bartolomé Llorens Peset, *clarinetes* | Esteban Belinchón, *violoncelo* | Tomeu Moll-Mais, *piano*

CO APOIO DE:



G CONSELLERIA
O CULTURA,
I PARTICIPACIÓ
B IESPORTS



institut d'estudis
baleàrics

Luns 5 de novembro 20:30 h. | Igrexa de San Francisco, Pontevedra LIBRO DE ESCOITAS I Thomas Piel

Un concerto para cello solo arredor do silencio que presenta obras nun marco temporal que abrangue 20 anos de diferenza.

Huber reclama a "presenza persistente" do son no espazo, sempre no abismo do silencio, evocando os versos de Goethe "en todas as copas /apenas percibes/ un hálito". Antunes evoca "o Soño de Inverno da Terra, onde unha nova vida comeza a crecer lentamente baixo a terra" a cita de Dr. Faustus de Thomas Mann, para recordarnos extremadamente lentos procesos de mutación.

A derradeira peza de Xacobe Gaspar que se presenta en Galicia xurde dunha encomenda de Vertixe Sonora en colaboración coa Kunststation Sankt Peter Köln.

Programa:

LUÍS ANTUNES ...winterlich ruhende Erde... (2000) para cello solo

NICOLAUS A. HUBER ...in die stille (1998) para cello solo

XACOBÉ GASPAR GRANDAL Partita / Libro de Escoitas I * (2018) para cello solo

*estrea en Galicia, encomenda de Vertixe Sonora en colaboración con Kunststation Sankt Peter Köln.

Thomas Piel cello

As obras e os compositores

LUÍS ANTUNES "... winterlich ruhende Erde ..." violoncello solo

"Und ich war schwach und" poetisch "genug, die Brache seines Geistes mit der" winterlich ruhenden Erde "zu vergleichen, in deren Schoss das Leben, neues Sprissen vorbereitend, sich heimlich fortregt ..."

Thomas Mann, Doktor Faustus

"Estaba o suficientemente esperto e "poético" como para comparar a terra da súa mente co "soño no inverno da terra", cando na volta á vida novos espíritos comezan a crecer secretamente..."

O título da peza é unha cita do Dr. Faustus de Thomas Mann.

Mann compara a aparente non creación do personaxe e compositor Adrian Leverkusen co soño de inverno da terra, onde unha nova vida comeza a crecer lentamente baixo a terra, pero se fai visible despois, moito despois de que o proceso xa comezou.

Esta metáfora do mundo visible e invisible foi o impulso inspirador para traballar nunha especie de proceso que eu chamaría orgánico; é dicir, procesos de cambio (case regulares) que parecen inexistentes debido á extensión temporal extrema.

Noutro contexto, a frase do título úsase como un poema musical, onde o tempo que flúe está determinado polo ritmo das palabras:

Win - ter - lich

Ruh - en - de

Er-de

Luis Antunes Pena

NICOLAUS A. HUBER ...in die stille (1998) para cello solo

Unha e outra vez advirto en ensaios e concertos, que o sentido do espazo está cáseque atrofiado de tanto escoitar a través de altosfalantes (LP, CD, vídeo, radio, televisión, etc.) as imaxes sonoras de calidade ás que estamos afeitos nesta era da comunicación.

Os altosfalantes xa son capaces incluso de simular información espacial na transmisión do son. Pero, por outra banda, a súa capacidade para xerar "espazo" no "espazo real" é extremadamente limitada. Pola contra, parece estar na propia natureza do son instrumental o poder erguerse completamente no espazo para atopar unha sonoridade coa que crear a vida.

Interpretando "...in die stille" ("..... no silencio") o violoncelista ten que escoitar alturas e sons no límite do audible (ata sete veces piano). Con todo, non debe entenderse este volume sonoro como unha mera extensión na escala do inaudible, se non como unha realización dunha forma particular de claridade sonora. Debe reducirse o efecto do instrumento como lugar de radiación en favor dun son, por así dicilo, "insistente". Sería como escoitar, como din os versos de Goethe, a presenza inminente de "case" o silencio: "en todas as copas / apenas percibes/ un hálito"
Canto máis silencioso, máis presente!

Nicolaus A. Huber, 27 de xullo de 1998

JACOBO GASPAS GRANDAL Partita / Libro de escoitas I

A construción formal desta peza, que se articula en 5 movementos, podería ser equiparable á dunha partita. No entanto, as diferenzas entre os seus movementos non se reducen á construción rítmica, como sucedía con as partitas e suites barrocas, senón que o que identifica principalmente a cada un deles é a súa propia materia sonora. De aí o seu subtítulo, libro de escoitas, pois cada tempo pretende provocar unha experiencia perceptiva diferenciada, unha aproximación singular ao propio instrumento.

Os 4 primeiros movementos están emparellados dous a dous: no tempo, porque seguen a sucesión lento-rápido, e na evolución das alturas, pois os impares teñen unha traxectoria descendente e os pares ascendente.

O último pecha a obra coma se dunha aria tratásese, insinuando unha melodía protagonizada polo glissando de semitono descendente; figura barroca ligada á dor.

Jacobo Gaspar Grandal 2018

En paralelo: Actividades ao redor do 6º Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea 2018

1. AGUZAR O OÍDO. VI Curso de achegamento á música contemporánea

En colaboración co MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, ponse en marcha a 4ª edición do curso AGUZAR O OÍDO, proposta de divulgación de música contemporánea e arte sonora. Nesta ocasión, e no contexto do Festival Vertixe, o curso consiste en oito charlas previas a cada un dos concertos do Festival. As sesións comezarán 45 minutos antes de cada concerto no espazo correspondente e terán unha duración de 30 minutos. Entrada gratuíta até completar capacidade.

2. ALIEN 2018. Obradoiros instrumentais – CSM de Vigo

En colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo unha exploración dos novos recursos instrumentais

+ INFO e inscrición: <http://csmvigo.com>

Xoves 4 de outubro | Conservatorio Superior De Música, Vigo

2.1. MICHAEL PATTMANN A percusión en Kontakte de Stockhausen

Horario 10:00-14:00 /16:00-20.00

Xoves 4 de outubro | Conservatorio Superior De Música, Vigo

2.2. PATRÍCIA MARTINS O piano en Kontakte de Stockhausen

Horario 10:00-14:00 /16:00-20.00

Sábado 6 de outubro | Conservatorio Superior De Música, Vigo

2.3. STEFFEN AHRENS Usos da guitarra eléctrica en contextos de música contemporánea

Horario:10:00h.-14:00h.

Luns 8 de outubro | Conservatorio Superior De Música, Vigo

2.4. LINDA JANDOWSKA e PABLO VERGARA O violín milenario.

Sábado 27 de outubro | Casa das Campás, Pontevedra

2.5. RICARDO CAPELLINO Novas perspectivas en torno al saxofón.

Horario: 11.00-14.00h.

3. MÚSICAPORDENTRO18

Concertos Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria.

Gratuíto até completar capacidade por riguroso orde de inscrición.

+ info e inscricións en: info@vertixesonora.net

4. CONCERTOS PARA ESCOLARES

Cinco pases para escolares

Xoves 20 setembro 12:30 h. | Sala de Exposicións do Pazo Da Cultura, Pontevedra

4.1 ESPELLOS, CINTAS, BERROS, ALMOFADAS E CHOIVA Neopercusión

Martes 9 de outubro 11:30 h. | Basílica de Santa María, Pontevedra

4.2 LIÑAS PARA LINDA Linda Jankowska

Viernes 5 de outubro 12:30 h. | Sala de Exposicións de Afundación, **Pontevedra**

4.3 OBLÍCUO, Ciclo 1: UN ATRACTIVO RARO Regards e Cie Vahram Zaryan

Luns 8 de outubro 12:30 | Auditorio Martín Códax, Vigo

4.14 O PARADOXO DA VISIBILIDADE Oh ton

Luns 15 de outubro 12:30 h | Sala de Exposicións do Auditorio, Cangas do Morrazo

4.5 A EXPOSICIÓN NEGRA Vertixe Sonora

5. LUTHERÍA EXPERIMENTAL con Mateo Mena, Severino García Seijo. Datos por determinar . Atrévete a explorar connosco novas posibilidades do acústico.